


Venres 21

	15.00	15.30	16.00	16.30	17.00	17.30	18.00	18.30	19.00	19.30	20.00	20.30	21.00	21.30	22.00	22.30	23.00
ESCENARIO SAN SIMÓN SON ESTRELLA GALICIA				?????							?????						
ESCENARIO BUXOS FEST GALICIA							?????		?????					?????		?????	
ESCENARIO SANTO ANTÓN							?????										
ESCOLA SINSAL				Audicións San Simón 16:30 a 18:00h				Obradoiro A caixa-libro 18:30 a 19:30h				Audicións San Simón 20:30 a 22:00h					
				Exposición 16:00 a 22:00h													
SESIÓNS SAN SIMÓN				Cemiterio Santo Antón 15:45, 16:30, 19:00 e 19:45h													
CAPELA				Presentación de «Road to Meta-Stage: The Documentary» De 16:00 a 21:30h													
DESCUBRE SAN SIMÓN				Pedal Surf 16:00, 17:00, 18:00, 19:00, 20:00 e 21:00h													



Actividades paralelas



+Info en festival.sins.al



A Escola Sinsal

CAFETERÍA DE SAN SIMÓN

A Escola Sinsal é o proxecto do Festival Sinsal SON Estrella Galicia dedicado á divulgación da historia do rexistro sonoro e da tecnoloxía do século XX.

Exposición «Do cinema familiar ás casetes domésticas»

TODOS OS DÍAS

O casete, o soporte sonoro máis importante no século XX, está de moda. Ademais de ser sostible e barato, permite o control sobre a edición, produción e distribución. A mostra recolle xoguetes do pasado e presenta proxectos doutras partes do mundo que están a recuperar estes arquivos.

Obradoiro «A caixa-libro a Escola Sinsal»

VENRES (18:30 a 19:30h)
SÁBADO E DOMINGO (16:00 a 17:15h)

A investigadora Sarah Rasines revisará a historia da casete, desde o seu papel na difusión da música popular até o seu impacto cultural. Aprenderemos a xerar loops, transformar este soporte nun instrumento musical e reivindicaremos a imaxinación de Fluxus e reclamaremos a atención sensorial.

Audicións San Simón

VENRES (16:30 a 18:00 e 20:30 a 22:00h),
SÁBADO (13:30 a 15:30 e 19:30 a 21:30h)
DOMINGO (13:30 a 15:30 e 19:30 a 21:00h)

Como naceu a música gravada? Achégate á instalación que revive a primeira gramola instalada nun espazo público a finais do século XIX, e que permitía que un grupo de persoas se reunisen e escoitasen un cilindro fonográfico á vez. Participa e rexistra unha foto histórica!



Sesións San Simón

MIRADIROI BUXOS E ILLA SANTO ANTÓN
TODOS OS DÍAS

As Sesións San Simón é o arquivo de vídeos do Sinsal gravados cos artistas convidados ao festival mentres realizan a singular, e excepcional experiencia, de rexistrar unha canción de dous minutos nun cilindro de cera reproducido por un fonógrafo.



Microconcertos de música clásica

ESCENARIO SANTO ANTÓN CLÁSICO
SÁBADO e DOMINGO (17:00, 17:30 e 18:00h)

Sinsal afonda na súa diversidade estilística incluíndo actuacións de dous ensembles galegos de música clásica. Mentres o sábado 22 descubriremos un repertorio renacentista, o domingo 30 celebraremos o 300 aniversario d'As catro estacións de Antonio Vivaldi. Os pases serán de 15 minutos.



«Road to Meta-Stage: The Documentary»

CAPELA | VENRES | 16:00 a 21.30h

Road to Meta-Stage é un proxecto que Toño Cabanelas (Liveforevr) desenvolveu, principalmente, na illa de San Simón xunto con Sinsal. Desde 2014 até 2023 colaboraron multitude de artistas e investigadores, xerando varios Art in Residence e tamén un documental que veremos en San Simón: volveremos gozar ou revivir, en grupo, algúns dos concertos da última década de Sinsal grazas ás lentes de realidade virtual.



Illas Imaxinadas: Laboratorio de paisaxes visuais e sonoras

CAPELA | SÁBADO (17:00, 18:00 e 19:00h)
DOMINGO (16:00, 17:00, 18:00 e 19:00h)

Que conforma ou define unha paisaxe? De cantas formas podemos imaxinar unha illa? Que cores, texturas ou formas tería? Cal sería o seu son? Illas Imaxinadas é un taller para todos os públicos para a creación, desde unha perspectiva lúdica, de ambientes visuais e sonoros a través de diferentes procesos e artefactos.



Descubre San Simón

Paseo pola illa

TODOS OS DÍAS

Explora e descubre as transformacións de San Simón e Santo Antón a través das seis paradas, con QR, espalladas polo arquipélago.

Paseo Islario Marabilloso

SÁBADO 22 | 16:00 e 18:00h

Andaina en grupo con Xosé L. Gutiérrez Faílde. Inscríbete no Punto de Información.

Paseo con Amarturmar


DOMINGO 23 | 17:00h

Paseo coa asociación homes e mulleres do mar de Cesantes. Inscríbete no Punto de Información.

Pedal surf

TODOS OS DÍAS

Coñece o patrimonio natural de San Simón percorrendo o seu perímetro cunha actividade deportiva 100% sostible. Reserva praza na web de Sinsal.




Escenario
Santo Antón
Clásico

Escenario
Santo Antón

Festival Sinsal

SON Estrella Galicia



Descarga
o mapa



Auga
Agua / Water



Aseos
WC



Enfermaría
AID



Zona para fumar
Smoking area



Saída paseos guiados
Salida paseos guiados



**Escola Sinsal:
Expo & Taller**



**Audicións
San Simón**



**Sesións
San Simón**



**Road to Meta-Stage /
Illas imaxinadas**



Pedal Surf



Cafetería
Cafe



Bebida
Drinks



Comida
Food




Merchandising



Nemos
Nemos



**Info e devolución
de vasos, pratos e copas**
Info & Tableware return



Embarque
Shipping

Escenario
Buxos
FEST
Galicia

Escenario
San Simón
SON Estrella
Galicia

